

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2022.

**Dá comezo a xuntanza ás 10:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros:** José Manuel Cifuentes Martínez, Fernando de la Torre Cuevas, Margarita Estevez Saa, José Ángel Fernández Escribano, Isabel Fraga Carou, Ángel García Alonso, Miguel Guisantes Alonso, Carolina López Gómez, Ana María Porto Castro, Eva Rodil Rodríguez, Pablo Taboada Antelo, Marco Eugenio Vázquez Sentís

**Desculpan asistencia:** Alberto Rodríguez Casal

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do equipo directivo da EDIUS
3. Informe do autoinforme do programa de doutoramento en Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde.
4. Asuntos de trámite
5. Rogos e Preguntas

**1. Aprobación, se procede, da acta anterior**

Actas das Comisión do día 04/07/2022 e 09/07/2022 .

**2. Informe do equipo directivo da EDIUS**

- O Recurso que puxese a USC con respecto ao informe non favorable de acreditación recibido polo Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica foi finalmente aceptado pola Aneca. O programa recibiu no mes de agosto un informe final favorable. Lembrar que, a causa do primeiro informe foi debida a un problema na base de datos da USC con respecto o PDI asociado o programa e o número de sexenios vivos, os datos non estaban actualizados. Co que, finalmente o programa poderá seguir impartíndose ao longo dos próximos 6 anos.
- Unha vez feitas consúltalas pertinentes, informar que a EDIUS cumpre os requisitos para abordar unha acreditación institucional como centro. Ao longo do primeiro trimestre do curso comezase a preparar a documentación para a súa solicitude. unha vez posto en marcha os procesos de seguimento e acreditación dos PD dependerán da Escola, que sería a quen debe pasar a acreditación. A EDIUS requirirá información aos programa de doutorado pero o traballo a nivel dos programas verase moi reducido. O proceso de acreditación institucional da Escola non se prevé que poida lograrse antes do outono de 2023.

### 3. Informe do autoinforme do programa de doutoramento en Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde

A Comisión de Calidade da Escola de Doutoramento Internacional da USC na súa sesión do día 13 de setembro de 2022, informou favorablemente o autoinforme para o procedemento de acreditación do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde. Facéndolle as seguintes indicacións/recomendacións:

- A información sobre as colaboracións internacionais está no punto 4 e considerase que pode ser máis adecuado indicalo no punto 1.
- As publicacións e artigos xa están indicados no Excel que se achega xunto co autoinforme, a comisión considera que pode ser máis adecuado quitalo do autorinforme.
- Na descrición dos resultados remítese para os datos á táboa de indicadores, pero sería máis sinxelo trasladar algún dos datos xunto co texto.
- Páxina de portada pon CIEDUS e debe ser EDIUS
- páxina 8, nas ligazóns subliñadas en azul de "protocolo" e "enquisas" non hai hipervínculo.

### 4. Asuntos de trámite

Non hai

### 5. Rogos e Preguntas

- A profesora IF pregunta se finalmente publicouse a convocatoria de Premios extraordinarios dos PD, o director da EDIUS informa que non está xa que estamos a espera de datos informáticos de alumnado e profesorado que pode participar, esperase ter os datos a finais desta semana.
- A profesora IF pregunta pola elaboración da memoria da EDIUS e do informe de calidade da EDIUS así como do plan estratéxico. O director da EDIUS indícalle que os dous primeiros están en elaboración e co segundo está pendente do plan estratéxico da USC para poder proceder a elaboración do da EDIUS en consecuencia.
- A profesora IF pregunta por como debe abordarse a etapa de transición ata a nova memoria dos PD coas actividades de formativas. Mais concretamente se poderíase comezar cunha etapa de transición ata a que vai ser a nova proposta de actividades formativas do programa. O director da EDIUS indica as actividades formativas neste intre son as que está na memoria vixente pero que poderíase falar co alumnado e ir implementando xa cambios.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións as 11:00 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 06/02/2023 12:48:45.

**Asinante/Firmante/Signer:** EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF \*\*\*2074\*\*, 06/02/2023 11:08:26.

**CSV:** F082-EF02-4AF7-82C3